

CONVOCATORIA CURSO DE ADESTRADOR NIVEL 1

A **Federación Galega de Baloncesto**, a través da súa Escola Galega de Adestradores, convoca o curso de adestrador de Nivel 1, cuxa fase presencial impartirase durante o mes de xullo de 2010, que se desenvolverá nunha sede única a nivel galego. Este curso ten **carácter FEDERATIVO**, aínda que se levarán a cabo os trámites pertinentes para obter a súa aprobación administrativa e optar ás validacións e homologacións das Titulacións Académicas como Ciclo Final de Grado Medio.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Celebrarase en SANTIAGO de Compostela.

DATAS DE CELEBRACIÓN

Fase presencial: 7 días seguidos completos (dentro dos 15 primeiros días de xullo)
Concretaranse as datas en función da dispoñibilidades de campos, aulas e aloxamentos.
Xornadas de mañá e tarde, de 9,30 h a 14,00 h e de 16,00 h a 20,00 h.

Fase non presencial:

Comezará o 1 de maio continuará coa fase presencial e posteriormente realizarase o bloque de prácticas durante a temporada 2010/11.

PREINSCRICIÓN

Todas as preinscricións deberán ter entrada en calquera Delegación zonal **antes do 1 de abril de 2010**. Para o rexistro de datos empregarase o modelo que se achega con esta convocatoria. Así mesmo, deberán entregarse 2 fotografías tamaño carné, fotocopia compulsada do DNI, e xustificante de ter pagado a cota de inscrición ao curso, así como copia do Título de Iniciación.

No caso de existir máis de 60 preinscritos, seleccionaranse ata ese número máximo en función do seu currículo académico e deportivo.

O curso está previsto para un máximo de 60 alumnos divididos en dous grupos de 30.

O criterio a empregar en devandita selección será o seguinte:

- Suspensos doutras convocatorias.
- Deportista de alto nivel.
- Currículo deportivo como adestrador (últimos 5 años).
- Antigüidade do Curso de Iniciación.
- Investigación e publicacións.

REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

Ter máis de 18 anos e estar en posesión do Título de Nivel Iniciación.

COTA

A cota de preinscripción é de **300 euros**. Nesta cantidade inclúense as taxas de matrícula das convocatorias ordinarias, docencia, atención tutorial, certificación de diplomas, documentación do curso e todo o material didáctico.

Devandita cota deberá aboarse mediante transferencia bancaria á **conta de CAIXAGALICIA 2091-0392-90-3040002932** indicando claramente o nome do alumno e o destino do mesmo: Curso de **Nivel 1**. Se previamente xa tiña realizado toda ou parte da preinscripción, deberá xustificar ante a súa Delegación dita transferencia.

Aqueles que finalmente non sexan admitidos, recuperarán o ingreso efectuado. A Federación Galega de Baloncesto habilitará un sistema de bolsas, que poderá solicitar un alumno ou club, co fin de facilitar a todos a asistencia a estes cursos. As Bases de devanditas bolsas poderán consultarse na Web.

LISTA DE ADMITIDOS

A FGB, a través da súa web, notificará os alumnos admitidos antes do 20 de abril.

COMEZO DO CURSO

Informarase puntualmente a través da web da FGB, o lugar de celebración da fase presencial e horarios concretos do curso.

REQUISITOS E RECOMENDACIÓNS PARA OS ALUMNOS

Para a superación deste curso é IMPRESCINDIBLE a presenza física do alumno na fase presencial, superar as diferentes probas de cualificación que se realicen en cada materia, así como presentar satisfactoriamente os traballos que se soliciten por parte do profesorado.

Así mesmo, é imprescindible a superación do bloque de prácticas durante a tempada 2010/11.

Así mesmo é necesario, para un mellor seguimento do curso, que o alumno dispoña dos seguintes elementos:

- ✓ Acceso a Internet e unha conta persoal de correo electrónico.
- ✓ Dispor dun computador portátil co que realizar tarefas e traballos.
- ✓ Dispor dun reprodutor de DVD, onde poder visionar diferentes DVD's didácticos que se lle proporcionen.

VALIDACIÓNS

Para aqueles alumnos que posúan una titulación académica coa que poidan aspirar a unha validación de materias ou bloques, deberán completar a preinscrición no apartado de observacións, coas materias ou bloques dos cales solicita validación. Así mesmo, achegará a Certificación académica persoal, debidamente compulsada, no que se reflectan as materias cursadas e a súa cualificación, para que a Comisión de validacións avalíe dita solicitude.

Santiago, 1 de outubro de 2009